



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN CON MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL EN GALICIA.

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Orde do 29 de decembro de 2017 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e noutros órganos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establece no seu artigo 3 que se delega na persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade a formalización de acordos e convenios en materias propias do seu ámbito competencial.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón como obxecto no seu artigo 1 a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, establecendo ademais no seu artigo 3 apartado d) que a violencia sexual é unha forma máis de violencia de xénero.

Pola súa banda, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017, contén un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller, incluíndo tamén a violencia sexual, e en concreto medidas tales como o deseño de programas de prevención, detección e protocolos especializados en atención e actuación para casos da violencia sexual, así como accións de promoción e desenvolvemento de programas integrais de atención á violencia sexual, e a necesidade de traballar para mellorar o acceso á prevención, protección, atención integral e recuperación da vítimas desta violencia.





A Fundación Meniños conta cunha longa traxectoria no traballo de ámbito social, fundamentalmente con menores, pero tamén con mulleres e familias vítimas da violencia de xénero. No ano 2018 puxo en marcha unha unidade de intervención: “LIANA: laboratorio de investigación en apego e narrativa”, única en Galicia, dirixida a mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, a familiares ou persoas do entorno destas, así como aos equipos profesionais da rede que traballan con mulleres vítimas de violencia de xénero, unidade que dende xaneiro 2019 está en disposición de prestar atención a vítimas da violencia sexual nas catro provincias.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de cara a mellorar a atención que se presta ás mulleres vítimas de violencia sexual en Galicia, estima conveniente asinar un convenio de colaboración coa A Fundación Meniños, para a posta en marcha dun programa de intervención especializada con mulleres vítimas de violencia sexual que terá carácter gratuíto para as persoas usuarias do mesmo

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

